



A PROMESA DO CABEZOLO, un conto marabilloso sobre os cambios na vida

Encantadora historia de amor entre unha larva de ra e outra de bolboreta, que nos vai sorprenden ata o último intre e que nos deixará cunha fonda impresión. As ilustracións son vibrantes, cheas de sensibilidade e de potencia expresiva. Un álbum diferente, escrito e ilustrado cunha exquisita sensibilidade, por Jeanne Willis e Tony Ross. Novo título da colección VERDEMAR de Alvarellos Editora.

TEXTO CONTRACAPA

Foi no lugar en que o salgueiro bica a auga onde o cabezolo topou a eiruga. Miráronse aos ollíños ... e namoraron. Pero todo o mundo sabe que os cabezolos se transforman, e as eirugas tamén. Cambiará isto o amor que senten o un pola outra? Imos ver!



➔ Idade de interese: +3

➔ Nivel de lectura: +5

CLAVES PARA A LECTURA

Unha delicada historia sobre o amor e **os cambios na vida**. Presentada graficamente cun **deseño moi orixinal**, cheo de cor e sensibilidade, que nos pide ler a obra abrindo o libro en **vertical**. A **transformación dun cabezolo en ra e dunha eiruga en bolboreta** permítenos falar do fenómeno da **metaformose**. Tamén podemos debuxar e analizar o **ciclo da vida** e os cambios que acontecen co paso do tempo.



JEANNE WILLIS é unha das autoras inglesas de libros infantís máis recoñecidas e queridas a nivel internacional. Ten dous fillos, vive en Londres a pasa o tempo libre cultivando o seu xardín, lendo ou coleccionando eirugas. **A PROMESA DO CABEZOLO** é o seu primeiro libro traducido ao galego.

TONY ROSS é un debuxante londinense graduado na Escola de Arte de Liverpool. Leva colaborado con Jeanne Willis ilustrando moitos dos seus contos. Está considerado coma un dos mellores ilustradores de Europa. Tamén é autor de novelas.

Tradución ao galego: Marta Pérez e Quique Alvarellos.

FICHA TÉCNICA 32 pp. 20,5x26 cms

ISBN: 978-84-16460-38-0

VVP: 14 € - Capa dura



EDITORA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info
981522137 - 609908852